



## A NATUREZA MORAL DO HOME



*Dilema ético Diseñado por Freepik*



# ÍNDICE

---

## A NATUREZA MORAL DO HOME

1. A NATUREZA HUMANA: LIBERDADE E MORALIDADE.....	1
<i>Exercicios</i> .....	3
2. MORAL. DEFINICIÓN E TIPOS. RELATIVISMO E UNIVERSALISMO.....	4
2.1 Definición.....	4
2.2 Tipos de moral.....	4
2.3 Relativismo e universalismo moral.....	5
<i>Exercicios</i> .....	6
3. ÉTICA: ETIMOLOXÍA, DEFINICIÓN E OBXECTO. CARACTERÍSTICAS. RAMAS.....	7
3.1 Etimoloxía, definición e obxecto.....	7
3.2 Características.....	7
3.3 Ramas.....	8
<i>Exercicios</i> .....	8
4. VALORES E NORMAS. MORALIDADE E LEGALIDADE.....	9
4.1 Valores e normas.....	9
4.1.1 Características das normas morais.....	9
4.1.2 Valores: orixe das normas.....	9
4.1.3 Moralidade e legalidade.....	10
<i>Exercicios</i> .....	11
SOLUCIÓN.....	12

## 1. A NATUREZA HUMANA: LIBERDADE E MORALIDADE

---

Empezaremos por ver cal é a condición humana que fai posible ou esixe a existencia da moral. Na tradición cultural occidental, dende a antropoloxía, a filosofía e a relixión cristiá, o home foi definido como un *homo sapiens*, ser racional e fillo de Deus, con capacidade de entendemento, conciencia e decisión.

Preséntase, polo tanto, o home como un ser de autoconciencia, capaz de decidir as súas accións e valorar o seu alcance. Aínda que no século XIX o darwinismo e a psicoanálise cuestionaron esta suposta orixinalidade e racionalidade humana, non socavaron a idea consubstancial desa capacidade de libre albedrío do ser humano.

Esta capacidade de elección está intrinsecamente vinculada á nosa natureza humana, moito máis flexible e aberta que a do resto dos animais. Fernando Savater, filósofo vasco, explica moi ben nunha das súas obras máis coñecidas, *Ética para Amador*.

*“Imos contar un caso dramático. Todos coñecemos as térmites, esas formigas, de corpo brando por careceren de coiraza quitinosa, as que o formigueiro lles fai de coiraza colectiva. Ás veces, por culpa dunha riada ou dun elefante, derrúbase o formigueiro e, enseguida, as térmites-obreiras póñense a traballar para reconstruír a fortaleza danada. Mentres, as grandes formigas inimigas lánzanse ao asalto. As térmites-soldado saen a defender a colonia, intentando deter as inimigas. Pero como nin por tamaño nin por armamento poden competir con elas, cólganse das asaltantes tentando frear a súa invasión, mentres as asaltantes as van esnaquizando. Entre tanto, as obreiras van pechando a colonia pero deixando fóra as “heroicas” térmites-soldado, que sacrifican as súas vidas pola seguridade das demais. Non merecerían unha medalla polo menos?”*

*Mudamos de escenario, pero non de tema. Na *Ilíada*, Homero conta a historia de Héctor, o mellor guerreiro de Troia, que espera a pé firme fóra das murallas da cidade a Aquiles, o campión dos saqueos, sabendo que é mais forte ca el e que probablemente o vai matar, como así foi, segundo nos conta Homero. Héctor faino por cumprir co seu deber, defender os seu concidadáns do terrible inimigo. Ninguén dubida de que Héctor é un heroe. Pero, é heroico e valente do mesmo xeito que as térmites-soldado, cuxo sacrificio ningún Homero se molestou en contar? Non fai Héctor o mesmo ca as térmites anónimas? Por que nos parece o seu valor máis auténtico e difícil ca o das térmites? Cal é a diferenza entre un caso e o outro?”*

*A diferenza estriba en que as térmites-soldado loitan e morren porque “teñen” que facelo, sen poder remedialo. Non poden desertar, nin rebelarse, nin disimular para que outras vaian no seu lugar; están programadas (xeneticamente) pola natureza para cumprir coa heroica misión. O caso de Héctor é distinto. Podería dicir que está enfermo ou que non lle dá a gana de enfrontarse a alguén máis forte ca el. Quizais o chamasen covarde, ou o insultasen... pero é evidente que ten a posibilidade de negarse a ser un heroe. Por moita presión que os demais exerzan sobre el, sempre pode*

*renunciar a cumprir co que se supón que debe facer. Non está programado para ser heroe, ningún home o está. A diferenza das térmites, dicimos que Héctor é libre e por iso admiramos o seu valor. Y así chegamos á palabra fundamental desta historia: a liberdade.*

*Os animais non teñen máis remedio que ser tal como son e facer aquilo para o que están en maior ou menor medida programados naturalmente para facer. Non os podemos aplaudir nin reprochar por iso, porque non saben comportarse doutro modo. Os seres humanos, en certa medida, tamén estamos programados pola natureza –non podemos beber calquera cousa, temos necesidades fisiolóxicas, coma o resto dos animais, etc.–, de modo menos imperioso pero parecido, o noso programa cultural (linguaxe, crenzas, lendas, costumes, etc.) tamén determina a nosa conduta e fainos bastante previsibles. Todo isto influía tamén na decisión de Héctor. Pero Héctor puido negarse a saír, que é algo imposible no caso das térmites (...). Por moita programación biolóxica e cultural que teñamos, os humanos sempre podemos optar finalmente por algo que non “esteá no programa”. Podemos dicir que si ou que non, quero ou non quero. Por moito que nos “aperten” as circunstancias, nunca temos un só camiño que seguir, senón varios”*

(*Ética para Amador*, ed. Ariel. Barcelona, 1996).

Isto é o que nos diferencia do resto dos seres vivos. Eles, en maior ou menor medida, segundo a complexidade evolutiva do seu sistema nervioso ou cerebro, están máis determinados ou menos pola evolución filoxenética. Evidentemente, canto máis abaixo nesta escala, os insectos, por exemplo, os animais máis complexos dende o punto de vista dese sistema nervioso, como poden ser os mamíferos superiores (elefantes, baleas, candorcas, etc) cun nivel de intelixencia xa relevante, seguen moi “ancorados” ao mecanismo estímulo-resposta que determina e regula a súa conduta. O ser humano, pola contra, aínda estando tamén condicionado, como xa dixemos, pola súa propia natureza e a cultura, sempre ten diversas respostas fronte ás situacións que se lle presentan... mesmo en contra da súa propia natureza ou cultura, algo que no reino animal é practicamente imposible.

Esta liberdade de acción é a razón da existencia da moralidade. Ao non ter unha conduta tan “rígida” e ancorada á condición xenética e vivir en sociedade, obríganos a desenvolver normas que faciliten a convivencia y reduzan os conflitos derivados dunha liberdade de acción tan ampla. Como sinalou o filósofo francés na súa obra *O existencialismo é un humanismo*, **“o home está condenado a ser libre”**.

É esta liberdade a que fundamenta a necesidade da moral do home, que non está determinado pola natureza e que, polo tanto, para vivir en sociedade necesita “normas” que harmonicen a convivencia.



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 1

*"Se, ademais, Deus non existe, non atopamos ante nós valores ou ordes que lexitimen a nosa conduta. Polo tanto, non achamos nin detrás nin diante nosa, no dominio luminoso dos valores, xustificación ou excusas. Estamos sós. É o que eu expreso dicindo que o home está condenado a ser libre. Condenado porque non se creou a si mesmo, e malia todo, libre, porque unha vez arroxado ao mundo, é responsable de todo canto fai".*

J. P. Sartre. *O existencialismo é un humanismo*

- A tradición moral cristiá establecía un código moral (10 mandamentos) básico que orientou a acción humana durante séculos. Pero, dende o punto de vista do agnosticismo de Sartre, sen esta referencia moral, que nova situación se lle presenta ao home?
- Cal é a consecuencia máis relevante do libre albedrío do home?

### Exercicio 2

*"A nota máis trivial, pero á vez a máis importante da vida humana, é que o home non ten outro remedio que estar facendo algo para sosterse na existencia. A vida énos dada, posto que non nola damos a nós mesmos, senón que nos atopamos nela de súpeto e sen saber como. Pero a vida que nos é dada, non nos é dada feita, senón que necesitamos facela nós, cadaquén a súa. A vida é quefacer... atopámonos sempre forzados a facer algo, pero non nos atopamos nunca estritamente forzados a facer algo determinado, xa que non nos é imposto este ou outro quefacer, como lle é imposta ao astro a súa traxectoria ou á pedra a súa gravitación. Antes de facer algo, cada home ten que decidir, pola súa conta e risco, o que vai facer".*

Ortega y Gasset. *Historia como sistema*

- Que relación atopas entre o texto de Ortega y Gasset e o exemplo de Savater entre as térmites e Héctor, o heroe troiano?
- Cal é a característica distintiva que nos obriga a decidir?



## 2. MORAL. DEFINIÇÃO E TIPOS. RELATIVISMO E UNIVERSALISMO

---

### 2.1 Definición

A palabra *moral* deriva do latín "*mos, moris*", que significa "*costume, maneira de vivir, lei ou conduta*".

Defínese *moral* como o conxunto de **valores, costumes e normas existentes e aceptadas nunha sociedade** que serven de **modelo de conduta** e valoración **para establecer o que está ben e o que está mal**.

Como sinalamos na epígrafe anterior, o home, como ser libre, non ten unha conduta "*prefixada*" por natureza. Isto lévao a un abano de posibilidades de conduta tan diversas como individuos. Pero a vida en sociedade esixe unha certa "*harmonía*" nesas condutas, que favorezan a convivencia e reduzan os conflitos ao mínimo. Por esta razón, ao longo da historia, as sociedades complexas foron desenvolvendo "modelos" de comportamento, de acordo cos valores e crenzas de cada unha, que nos orienten sobre o que debemos e non debemos facer, sobre o que é bo e o que é malo. O bo sería o desexable e o malo, aquilo que se considera pernicioso para o individuo na súa relación cos demais e, en última instancia, para a propia sociedade.

### 2.2 Tipos de moral

Atendendo á súa orixe e natureza podemos facer unha breve clasificación dos distintos tipos de moral:

- **Moral relixiosa:** quizais a forma máis primitiva da moral, xa que as primeiras normas morais de todas as culturas e civilizacións naceron ao abeiro da súa cosmovisión e crenzas relixiosas. No caso da cultura occidental, a moral xudeu-cristiá, dominante historicamente en occidente, arranca dende a relixión xudía, cuxo primeiro profeta, Abraham, aló por 1900 a.C., preséntalles aos xudeus os 10 mandamentos revelados por Deus, considerados un decálogo das normas que deben orientar a conduta do seu pobo.
- **Moral laica:** esta moral non está determinada por unha tradición relixiosa, senón que ten un carácter máis filosófico e nace duns valores vinculados a un humanismo que fundamenta a moral en principios como a igualdade, a dignidade e a liberdade do ser humano.
- **Moral individual:** a que manifesta a aproximación persoal, singular e individual que cada quen ten cara aos conceptos do bo e do malo.
- **Moral social:** comprende as normas morais da sociedade como colectivo.

### 2.3 Relativismo e universalismo moral

Concretada a definición do que é a moral, como un “*código*” de normas que, de acordo cuns valores, definen o que é bo e o malo nunha sociedade, xorde a cuestión de se este código, ou os valores e as normas, son universais; é dicir, válidos para todas as sociedades ou culturas e épocas. A resposta a esta cuestión xera un debate que xa formularon os sofistas gregos no século V a.C., o problema do **relativismo moral**.

As películas de Hollywood amosan unha distinción moi clara entre o ben e o mal, como se fosen dúas cousas claramente diferenciadas e universais, é dicir, similar en todas as culturas do mundo. Porén, isto é bastante máis complexo, xa que os límites entre o que está ben e mal é ás veces moito máis confuso. E aquí é onde entramos no terreo do relativismo moral.

Chamamos **relativismo moral a teoría ética segundo a cal non existe maneira de vulgar ou saber o que está ben e o que está mal de xeito universal**. O sofistas gregos, alo polo século V a.C., xa sostiñan que non se pode coñecer ningunha verdade obxectiva e tampouco se pode atopar un código moral universalmente válido. Consideraron que o que coñecemos como “*bo*” ou “*malo*”, moralmente falando, son valoracións ou construcións sociais, produto do desenvolvemento histórico e cultural das sociedades humanas, con diferenzas entre os distintos momentos históricos e a cultura e as tradicións de cada sociedade.

Aínda nos nosos días, nun mundo tan “*interconectado*”, grazas á internet e ás redes sociais, entre os distintos ámbitos culturais e os espazos xeográficos, seguen existindo notables diferenzas entre o que é bo ou malo. Como exemplo claro non temos máis que observar como son valoradas as relacións e as diferenzas de xénero, entre homes e mulleres, en distintos países do mundo. Moitos deles cunha moral relixiosa moi reaccionaria, onde a muller segue a ser desprovista de todo dereito e sometida á vontade do home.

Por iso non se pode vulgar un sistema moral dende un punto de vista externo a este, porque non existe unha moral universal que poidamos tomar como referencia.

Anula este relativismo moral calquera posibilidade dunha moral “*universal*” que nos permita establecer uns valores mínimos sobre os que construír unha convivencia e unha sociedade mellor? De ningunha maneira, **Sócrates** (s. V a.C.), mestre de **Platón** e contemporáneo dos sofistas, foi o primeiro filósofo que rexeitou o relativismo dos sofistas e defendeu a existencia dunha **idea universal do ben**.

O **universalismo moral**, tamén chamado obxectivismo moral, é a postura metaética que defende a posibilidade dunha moral válida para todos, con independencia das súas tradicións, cultura ou valores, rexeitando así o relativismo moral. A xustificación desta moral universal apóiase na **natureza humana común**, na vulnerabilidade compartida fronte ao sufrimento, nas esixencias da razón universal e, incluso, nos puntos comúns entre os códigos morais existentes.

Despois de Sócrates, ao longo da historia da filosofía, filósofos como Platón (discípulo de Sócrates), Aristóteles (discípulo de Platón), os estoicos, ou Inmanuel Kant, John Locke ou Stuart Mill, tamén defenderon esta idea dun universalismo moral.

Por outra banda, moitas relixións, entre elas o cristianismo e o islam, teñen posturas universalistas ao considerar que o seu sistema moral foi establecido por unha deidade (Deus/Alá) e que, polo tanto, é absoluto, universal, perfecto e inmutable. O problema é que este universalismo relixioso cae no absolutismo moral, o que dificulta, ou mesmo impide, dende o seu dogmatismo relixioso, achegar posturas cara a un universalismo moral compartido por todos, con independencia das súas crenzas, valores ou normas.

Unha postura máis racional, a medio camiño entre o relativismo moral e o absolutismo relixioso, é a **Declaración universal dos dereitos humanos** (ONU 1948), que a comunidade internacional, despois de dúas guerras mundiais con millóns de mortos, levou adiante cun enorme esforzo global por acadar unha xustiza universalista, igual e común para todas as persoas, dende a utopía dun universalismo moral que se sostíña nos valores que se consideran consubstanciais á natureza humana: **dignidade, igualdade e liberdade**.

Dende a segunda metade do século XX, as **éticas discursivas** de autores como Habermas sosteñen a necesidade de atopar principios éticos universais mediante o **diálogo**. As persoas comunicámonos para entendérmonos, por iso existe unha **razón comunicativa** que pode ser compartida. Dende esta perspectiva, unha norma moral será válida cando todos os afectados poidan aceptar libremente as consecuencias e os efectos desa norma. A partir do diálogo pódense desenvolver acordos normativos de validez universal, como mostra, a Declaración universal dos dereitos humanos.

## EXERCICIOS

---

### Exercicio 3

*"Somos duais como os hemisferios cerebrais. Movémonos entre o verdadeiro e o falso, o bo e o malo. Todas as nosas accións consisten en elixir algo rexeitando outra ou outras posibilidades. No máis profundo eu e de maneira máis ou menos explícita eliximos ser un mesmo por enriba dos demais ou ser un cos outros. Eliximos o hedonismo autosuficiente ou a vida solidaria. Esta segunda elección lévanos á posibilidade dunha ética universal (...). Parece difícil e tal vez non se consiga nunca. Sobre todo porque non todos queren poñer o mesmo naquilo que todos aceptamos. Pero trátase dunha meta sensatamente utópica".*

Javier Sábada, *Como debería ser unha ética universal*. El confidencial 25/10/2023.

- a) En que apoia o autor a utopía dunha ética universal?

## 3. ÉTICA: ETIMOLOXÍA, DEFINICIÓN E OBXECTO. CARACTERÍSTICAS. RAMAS

---

### 3.1 Etimoloxía, definición e obxecto

A palabra **ética** deriva do grego **ethikós** (ἠθικός), que significa "*relativa ao carácter dun*", que pola súa vez deriva da raíz **ethos** (ἦθος), que refire un **conxunto de actitudes, valores e hábitos arraigados nun grupo social**. Desta maneira, a palabra *ética* podemos definila como a "*ciencia do carácter humano ou a ciencia do deber moral*".

Dun xeito máis académico, dende o punto de vista da filosofía, a **ética** ou a **filosofía moral** é a rama da filosofía que se ocupa de estudar e analizar os principios que guían o comportamento humano, dende o punto de vista da moral.

Ética e moral son conceptos estreitamente relacionados, que comunmente se usan como sinónimos, aínda que se diferencian en que a ética é a disciplina académica que estuda a moral, mentres que moral é o conxunto de valores e normas que imperan nunha sociedade.

### 3.2 Características

A ética é unha disciplina filosófica que traballa sobre as cuestións morais e o comportamento humano. Algunhas das súas características son as seguintes:

- **É normativa.** A ética, dende a súa análise e estudo da moral, establece que normas ou principios morais son correctos ou non, e proporciona pautas para xulgar a conduta humana.
- **É universal.** Os principios éticos buscan ser universais, é dicir, aplicables a todas as persoas e culturas. A ética esfórzase por atopar valores e normas morais que transcendan as diferenzas culturais.
- **É racional.** A ética baséase na razón e no pensamento crítico. Busca xustificar ou rexeitar normas ou principios morais a través da lóxica e a análise.
- **É crítica.** A ética reflexiona sobre o que é correcto e incorrecto, analizando conflitos, dilemas ou situacións morais, e busca solucións baseadas en principios éticos.

### 3.3 Ramas

A ética clasifícase segundo o seu campo de estudo nos seguintes tipos:

Tipos de ética	Enfoque	Propósito	Exemplos
<b>Metaética</b>	Analiza a linguaxe que usan os filósofos ao falar da moral	Comprender a fundamentación e a natureza da moral	Realismo moral, subxectivismo, etc..
<b>Ética normativa</b>	Céntrase na formulación de principios xerais que xustifiquen as normas morais	Determinar cando unha acción é correcta ou non	Éticas da virtude (Platón), teleolóxicas (Aristóteles), deontolóxica (Kant)
<b>Ética descritiva</b>	Estudo práctico das crenzas, prácticas e comportamentos morais das persoas	Estuda as normas e os valores morais vixentes nunha sociedade sen xulgar a súa corrección	Ética sociolóxica e antropolóxica
<b>Ética aplicada</b>	Práctica dos principios éticos e morais en situacións concretas e contextos específicos	Resolver dilemas éticos en casos concretos da vida cotiá e profesional	Ética política, médica, empresarial, legal, ambiental, bioética, tecnolóxica, etc.

## EXERCICIOS

### Exercicio 4

Cando un pai lle recrimina a un neno unha determinada conduta, non so lle está dicindo que non repita ese comportamento senón que tamén está reflectindo unha norma. Que significado ten isto dende o punto de vista da ética?

- Non ten ningún.
- Mostra o seu carácter normativo.
- Mostra a autoridade do pai.

## 4. VALORES E NORMAS. MORALIDADE E LEGALIDADE

### 4.1 Valores e normas

Hasta aquí falamos de que a moral é o conxunto de normas que establecen uns mínimos de convivencia nas distintas culturas ou sociedades. Pero que é unha norma moral?

As normas morais son regras de conduta impostas por unha sociedade e que rexen as accións das persoas. Por exemplo, non mentir, non roubar, non agredir, etc.. As normas morais están baseadas en valores que a sociedade considera importantes (valen, de aí o nome), como o respecto, a xustiza, a honestidade, etc.

#### 4.1.1 Características das normas morais

As principais características das normas morais son as seguintes:

- Son regras que regulan o comportamento das persoas.
- Baséanse en valores.
- Xorden dos costumes e da cultura dunha sociedade.
- Non están escritas.
- Transmítense co costume, coa palabra e co exemplo.
- Non requiren aparato legal.
- O seu incumprimento non leva a sanción ningunha.
- Contribúe á harmonía e convivencia social.

#### 4.1.2 Valores: orixe das normas

Os valores morais son principios que guían os xuízos morais da conduta humana.

Podemos falar de valores positivos e negativos. Tamén de valores morais, intelectuais, espirituais e incluso materiais.

A modo de exemplo podémoslos resumir neste cadro:

	Morais	Materiais
Positivos	Honestidade, xustiza, bondade, xenerosidade, humildade, responsabilidade, etc.	Saúde, benestar, propiedade, traballo, riqueza, casa, coche, teléfono, etc.
Negativos	Mentira, inxustiza, egoísmo, soberbia, irresponsabilidade, etc.	Enfermidade, pobreza, miseria, etc.

Inmanuel Kant (s. XVIII), filósofo alemán, define os valores morais como máximas regulativas e prácticas desexables que orientan o comportamento moral. Isto significa que os valores son os que impulsan a creación das normas. As normas cumpren a función de manter os valores positivos e rexeitar os negativos. Cun exemplo verémolo claro.

Segundo os antropólogos, no Neolítico apareceu a agricultura e, con ela, apareceron os primeiros asentamentos urbanos. O home iniciou o abandono da vida de nómade, cazador e recolector. Este abandono da vida nómade supuxo a aparición da propiedade privada vinculada á agricultura (quen sementaba o trigo non permitía que outro o collera) arredor de 10 mil e 6 mil anos a.C. Esta idea da propiedade privada foi adquirindo entidade, sendo recollida xa nun dos primeiros códigos legislativos coñecidos, o *Código de Hammurabi*, na antiga Mesopotamia alá polo 1750 a.C. e, posteriormente, con carácter “universal”, no dereito romano dende o século I a.C.

Pero, que relación ten a propiedade privada coa moral? Moi sinxelo, a propiedade privada converteuse nun “valor” desexado, e isto levou a unha “norma” que protexía ese valor. Esta norma era “non roubar”, que segue presente na actualidade para protexer esa propiedade privada de cada un. Vemos, polo tanto, que unha norma moral sempre nace para protexer un valor. Este pode ser unha propiedade ou tamén valores humanos como a honestidade, a amizade, a liberdade, etc.

Pero que sucede cando unha persoa non respecta unha norma moral? Pois como vimos, salvo o rexeitamento das demais persoas, non ten moitas máis consecuencias. Pero isto non é suficiente para manter determinados valores, e aquí entra en xogo o Código civil, é dicir, as leis que “apuntalan” as normas morais, como veremos no seguinte apartado.

### 4.1.3 Moralidade e legalidade

Como xa dixemos, as normas morais buscan regular as accións das persoas nunha sociedade de acordo cos seus valores, crenzas, tradicións, etc., pero ante a insuficiencia para obrigar ao seu respecto, as sociedades dende o nacemento da historia (recordade que isto coincide coa aparición da escritura) desenvolveron un código legislativo (leis) que era de obrigado cumprimento baixo pena de castigos (Código penal) se non se respectaban esas leis inspiradas nos valores e nas normas morais. Para conseguir o seu obrigado cumprimento, a lei positiva (código legislativo) necesita dun elemento coercitivo (na actualidade xuíces e policía) que vixíe, persiga e condene a quen non cumpra coa lei.

Podemos resumir isto no seguinte cadro:

	<b>Normas morais</b>	<b>Normas xurídicas</b>
<b>Rexistro</b>	Non están escritas. Transmítense de xeración en xeración por vía oral	Están redactadas e documentadas nun código legislativo (civil e penal)
<b>Autoridade que as imparte</b>	A sociedade no seu conxunto, fundamentalmente os axentes socializadores: pais, mestres, amigos, medios de comunicación, etc.	Poder legislativo, poder xudicial, forzas da orde, institucións penitenciarias, etc.
<b>Sancións</b>	Rexeitamento social	Penas previamente definidas polas institucións (Código penal)

## EXERCICIOS

---

### Exercicio 5

En que se xustifican ou fundamentan as normas morais?

- a) Nos desexos.
- b) Son totalmente arbitrarias.
- c) Nos valores.



## SOLUCIÓNS

---

### Exercicio 1

- a) A súa liberdade.
- b) É responsable de todo canto fai.

### Exercicio 2

- a) Que o home, como Héctor, ten que escoller. Non lle serve actuar por instintos, xa que ten múltiples posibilidades fronte ao que se lle presenta.
- b) A liberdade.

### Exercicio 3

- a) O carácter social e solidario do ser humano.

### Exercicio 4

Resposta b)

### Exercicio 5

Resposta c)



- b) É a chuvia resultado da mestura de substancias contaminantes emitidas pola actividade humana co vapor de auga das nubes, que forma ácidos que, ao caeren en forma de chuvia, provocan danos á vexetación e ao solo.
- c) É o fenómeno que contribúe ao aumento da temperatura media da Terra (**quecemento global**), consiste no incremento da emisión de CO<sub>2</sub> (dióxido de carbono), metano e óxidos nitrosos á atmosfera e que actúan como unha barreira que retén a calor.